

**NÚMERO 4/18**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 4 DE ABRIL DE 2018.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e catro minutos do día catro de abril de dous mil dezaoitto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelos, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, a cal explica que se trata da sesión correspondente ao mes de marzo que se traslada a esta data pola coincidencia co Xoves Santo, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 3/2018, de 22 de febreiro de 2018.-

**2º.- Recoñecemento extraxudicial P2/2018.-**

O sr. Alcalde dá conta do ditame favorable ao recoñecemento extraxudicial de créditos P2/2018, relativo a gastos executados no exercicio anterior, que por diversos motivos non puideron ser imputados ao orzamento do 2017, e aos expedientes de subvencións para deportistas, entidades deportivas e actividades culturais que non foron culminados no dito exercicio.-

Todos os grupos maniféstanse a favor, agás o PP por parte do cal o sr. López lembra que as causas que xustifican a tramitación deste tipo de expedientes deben ser excepcionais, mentres que aquí hai un cada dúas sesións, e tampouco se explica que os beneficiarios das subvencións non as cobraran en tempo e forma. Non obstante o seu grupo votará a favor para non prexudicar aos interesados.-

Efectuada votación apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no expediente P2/2018 de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que consta en dito expediente, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 2.841,06.- euros.-

2º.- En relación coas subvencións para deportistas do Concello de Sada para o exercicio 2017 de acordo coa proposta da comisión de avaliación, acórdase aprobar o recoñecemento da obriga polas xustificacións cumprimentadas, segundo relación que consta no expediente, polo importe global de 8.513,24.- euros.-

3º.- En relación coas subvencións para entidades deportivas 2017, de acordo coas propostas da comisión de avaliación, acórdase:

a) Aprobar a concesión de subvencións e disposición de gasto, segundo relación que consta no expediente, polo importe global de 55.998,57.- euros.-

b) Aprobar o recoñecemento da obriga polas xustificacións cumprimentadas, segundo relación que se xunta, polo importe global de 41.189,10.- euros.-

4º.- En relación coas subvencións para actividades culturais 2017, de acordo coas propostas da comisión de avaliación, acórdase:

a) Aprobar a concesión de subvencións e disposición de gasto, segundo relación que consta no expediente, polo importe global de 13.134,83.- euros.-

b) Aprobar o recoñecemento da obriga polas xustificacións cumprimentadas, segundo relación que consta no expediente, polo importe global de 10.705,63.- euros.-

**3º.- Proposta de emenda da solicitude de subvencións do Programa FEDER crecemento sostible 2014-2020.-**

O sr. Alcalde expón que esta proposta ten por obxecto dar cumprimento aos requirimentos de emenda efectuados polo IDAE en relación coa solicitude de subvencións efectuada pola Corporación ao abeiro do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, xa que dito organismo considera que é preferible ser puntilloso para evitar unha posible perda de fondos europeos e que o acordo plenario anteriormente adoptado non

recollía a totalidade dos aspectos contemplados na norma, en especial o compromiso de achega que figuraba na resolución inicial da Alcaldía.-

Todos os grupos maniféstanse a favor do ditame, agás o PP, polo cal intervén o sr. López Mallo dicindo que na sesión mencionada de xullo de 2017 o seu grupo xa advertira que non se cumprían os requisitos da subvención e que o expediente amosaba improvisación e falta de documentos, como agora pensa que se demostra. O sr. Alcalde di que aínda non houbo ningunha resolución de denegación ou outorgamento, e que Sada esta no grupo das primeiras solicitudes que reciben requirimento de emenda.-

Efectuada votación, apróbase por maioría con dez votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Participar e aceptar expresamente o procedemento do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a una economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, solicitando a concesión da subvención máxima prevista na norma para cada un dos proxectos que se relaciona no apartado seguinte.-

2º.- As actuacións para as que se solicita subvención, condicionadas á obtención de cofinanciamento FEDER para a aprobación da modificación orzamentaria para levalas a cabo segundo memorias descritivas anexas, son as seguintes:

- Cambio da climatizadora na piscina municipal por outra con recuperador de calor, para redución de consumo de gasóleo, cun orzamento total de 76.307,90.- euros.-

- Cambio de fiestras no colexio de Mondego por outras de dobre cristal con maior illamento térmico, para redución de consumo de gasóleo e mellora da envolvente térmica, cun orzamento total de 160.787,85.- euros.-

- Subministro e instalación de dúas bombas de calor na Casa da Cultura (auditorio e biblioteca) para redución de consumo de gasóleo, cun orzamento total 61.256,01.- euros.-

- Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumado público do casco urbano de Sada cun orzamento total de 259.382,99.- euros.-

- Proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumado público das parroquias do termo municipal de Sada cun orzamento total de 450.162,14.- euros.-

3º.- Adoptar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar os proxectos anteditos, no caso de resultar seleccionados e obter as subvencións solicitadas.-

4º.- Aceptar todos os compromisos e obrigas recollidos no Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño.-

#### **Control de Órganos de Goberno:**

##### **4º.- Informes e comunicacións.-**

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 19-2-2018 a 26-3-2018.-

##### **5º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

##### **5.1º.- Moción para a inclusión do arquivo audiovisual da sesión nas actas do Pleno.-**

O Alcalde di que hai un informe do Secretario con respecto desta moción, á vista do que propón deixar este punto sobre a mesa e traelo de novo a sesión aproveitando tamén para efectuar algunhas variacións no Regulamento Orgánico Municipal logo da emisión de todos os informes que sexan necesarios.-

A sra. García Freire entende que non se está a reflectir o contido das intervencións dos grupos nas actas, polo que considera urxente abordar este asunto. O sr. Secretario aclara que a videoacta estableceuse precisamente para dispoñer das intervencións íntegras na gravación da sesión, e que na acta teñen que figurar por lei as opinións sintetizadas dos grupos, cando as hai, pero non outro tipo de intervencións ou comentarios propios do debate político.-

Sometida a proposta do Alcalde a votación, acórdase por unanimidade deixar sobre a mesa o asunto.-

##### **5.2º.- Moción relativa á rexeneración da praia de Sada.-**

O sr. Anido defende a urxencia da moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á rexeneración da praia de Sada, argumentando que non se trata dunha moción política senón de dar resposta a unha importante demanda da veciñanza que considera en perigo pola paralización efectuada polo Ministerio de Medio Ambiente, ao acoller unha alegación sobre a existencia dunha pradería de zosteria mariña. Logo de efectuarse a correspondente votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción.-

O sr. Alcalde informa da existencia dunha emenda á moción, presentada polos tres grupos do goberno municipal, que pasa a expoñer o sr. Montouto.-

Debátese longamente o asunto, coa intervención de representantes dos distintos grupos, coincidentes na necesidade de que o Ministerio leve a execución a rexeneración da praia de Sada, se ben o sr. Anido considera que debe apoiarse a moción pois a emenda significa liquidar o traballo xa realizado e comezar de novo, mentres que o sr. Alcalde considera que o Ministerio non pode levar o asunto adiante co proxecto actual polas deficiencias que se comprobaron.-

O sr. Alcalde somete a votación a emenda á moción, resultando aprobada a mesma por dez votos a favor e sete en contra, polo que queda adoptado o seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Corporación insta á Administración Xeral do Estado á licitación urxente dun novo proxecto de actuación na praia de Sada para, previa á súa avaliación ambiental, poder executalo materialmente á maior brevidade posible, e co compromiso dunha dotación orzamentaria non menor que o proxecto anteriormente desistido.-

2º.- O Pleno da Corporación insta a Demarcación de Costas-Ministerio de Medio Ambiente a conveniar co concello de Sada as actuacións de mellora ambiental e de reforma e rexeneración urbana na superficie do bordo litoral urbano e da súa fachada marítima.-

3º.- Facúltase ao Alcalde-presidente á execución do presente acordo e mais en concreto a realizar cantas xestións considere oportunas para acadar o seu cumprimento.-

- Ás 21:18 horas abandona o acto a sra. Bolaño.-

#### **5.3º.- Moción de apoio á creación da autoridade única de transporte da área metropolitana de A Coruña.-**

O sr. Montouto defende a urxencia da moción presentada polo grupo Sadamaioría de apoio á creación da autoridade única de transporte da área metropolitana de A Coruña, dicindo que a Xunta de Galicia está a tramitar o Plan de Transporte Público e que na escala metropolitana entenden que o dito Plan ten un tratamento insuficiente, e trátase dunha cuestión estratéxica para Sada.-

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, resulta a mesma desestimada por maioría, con sete votos a favor, sete votos en contra e dúas abstencións.-

#### **5.4º.- Moción para a defensa do sistema público de pensións.-**

O sr. Montouto defende a urxencia da moción presentada polo grupo Sadamaioría para a defensa do sistema público de pensións, facendo referencia ás recentes manifestacións populares, que segundo afirma apoian como representantes públicos e que polo tanto entenden que o Pleno deba pronunciarse respecto disto.-

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, resulta a mesma desestimada por maioría, con sete votos a favor, sete votos en contra e dúas abstencións.-

- Ás 21:20 horas reincorpórase ao acto a sra. Bolaño.-

#### **6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Pregunta se se poden vulnerar as Bases de execución do presuposto municipal. O sr. Alcalde responde que non.-

2) Pregunta se cando hai unha proposta de gasto que pasa de 2.000 euros hai que presentar obrigatoriamente tres presupostos. Responde o sr. Alcalde indicando que así o recollen as bases de execución.-

3) Pregunta se se poden fragmentar as obras ou proxectos, ao que o sr. Alcalde responde que supón que non, engadindo que poden responder o sr. Secretario ou o sr. Interventor. Responde o sr. Interventor que non se pode fragmentar o obxecto do contrato cando con iso se varíe ou altere o procedemento de contratación.-

O sr. Tellado fai dúas preguntas en relación con solicitudes de información do seu grupo:

1) Pregunta cando se lle vai responder a un escrito presentado o 8-11-2017 requirindo copia da solicitude enviada polo Concello á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas relativa á declaración das Brañas de Sada como Espazo Natural de Interese Local, así como á contestación desta Consellería. O sr. Suárez di que cando recibiu a solicitude contestou ao correo electrónico do grupo municipal do PP indicando que pasaran a recoller a copia solicitada, que efectivamente pasaron ao día seguinte, estando a documentación dispoñible, pero a persoa que os atendeu nese momento non sabía nin tiña por que saber onde se atopaba, e que a documentación segue alí para que pasen a recollela, así como outra copia que solicitaron en novembro e aínda non recolleron.-

2) Pregunta sobre a súa solicitude de 17-10-2017 de acceso á copia dos expedientes de contratación da redacción do proxecto de cuberta do patio do CEIP Sada e seus contornos, respondendo a sra. Bolaño

que falou co departamento de contratación, indicando que a copia está alí en formato dixital e que falará co persoal de contratación para lembrarlle que llo faga chegar e que ela mesma chamará para avisalos.-

O sr. Anido di que tivo un fallo informático a causa do cal non recibiu a convocatoria da comisión informativa e por iso non asistiu á mesma. Roga que as convocatorias se acheguen, ademais de ao portavoz, ao segundo e terceiro suplente, se legalmente é posible, para evitar este problema.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-